



**ACTA DA SESIION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO  
O DIA VINTE E OITO DE NOVEMBRO DE DUOS MIL ONCE**

**ASISTENTES:**

**ALCALDE-PRESIDENTE**

D.Melchor Roel Rivas

**CONCELLEIROS**

D<sup>a</sup>.María Loureiro García, (PSde G-PSOE)  
D.Jesús Antonio Fernández Cal PSde G-PSOE  
D<sup>a</sup>.María Isabel Rodríguez López( PSde G-PSOE  
D.Carlos Alberto Rodríguez Cabaleiro( PSde G-PSOE  
D<sup>a</sup>.Covadonga Viamonte Aguiar( PSde G-PSOE  
D.Cesar Aja Mariño,(P.P.)  
D.Jaime Eduardo de Olano Vela, (P.P.)  
D<sup>a</sup>.M<sup>a</sup>.del Carmen Gueimunde Gonzalez, (P.P.)  
D.Celestino Valentín García Paz, (P.P.)  
D.Antonio José Bouza Rodil, P.P  
D.Bernardo José Fraga Galdo, BNG  
D<sup>a</sup>.Olaia Casas Chaves,BNG  
D.Manuel Galdo Dopico,BNG  
D.Guillermo Leal Arias,IVI  
D.Jesús Fernández Fernández,IVI

**Xustifica a ausencia**

D<sup>a</sup>. Cándida Mendez Salgado (P.P.)

**SECRETARIA ACCIDENTAL**

D<sup>a</sup>.Fátima Moar Rivera

**Interventor**

D.Fidel García Martúl

Na Casa do Excmo.Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinteoito de Novembro de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr.Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como da secretaria accidental, D<sup>a</sup>.Fátima Moar Rivera, que substitúe, e coa asistencia do Sr.Interventor, D.Fidel García Martúl, celébrase sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Aberta a sesión e declarada pública polo Sr.Alcalde-Presidente á hora indicada previa comprobación pola Secretaria accidental do quórum de asistencia legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia, antes de tratar os asuntos, indica que hai un erro na convocatoria, xa que se notificou a tódolos portavoces que se contestarian as preguntas presentadas por escrito.



Seguidamente e aclarado o apartado de “rogos e preguntas”, procede ao tratamento dos asuntos contidos na orde do día.

### **1º.-APROBACION SE PROCEDE DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DO DIA 24 DE OUTUBRO DE 2011**

Polo Sr. Alcalde pregúntaselle aos Srs. Concelleiros se teñen algunha observación ou aclaración que facer á acta da sesión extraordinaria celebrada o día 24 de outubro de 2011, tendo en conta que a totalidade dos membros da Corporación recibiu fotocopia do borrador da acta correspondente a esta sesión, nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

Non producíndose intervencións, o Pleno da Corporación asistente, por unanimidade acorda aprobar dita acta do 24 de outubro de 2011.

### **2º.-PROPOSTA DE SOLICITUDE DE AUTORIZACION, CONFORME AO R.D.L. 8/2011, LIÑA ICO, PARA A CANCELACION DE DÉBEDAS CON EMPRESAS E AUTONOMOS.**

Polo Sr. Alcalde preséntase ao Pleno corporativo a seguinte proposta:

“Considerando que el Real Decreto Ley 8/2011, de 1 de julio, publicado en el BOE de fecha 7 de julio de 2011, en el que, entre otras medidas, crea en el Capítulo II, Sección II, una línea de crédito con el ICO para la cancelación de deudas de las Entidades Locales con empresas y autónomos.

Considerando que la Comisión Delegada del Gobierno para Asuntos Económicos con la misma fecha 7 de julio ha instruido al ICO para que posibilite la línea financiera que en su página web explicita.

Considerando que en ambas se establece que el procedimiento se inicia con una “solicitud aprobada por el Pleno de la Corporación Local, con el informe favorable de la Intervención de las Entidades Locales que deberá pronunciarse sobre el cumplimiento de los requisitos exigidos por esta norma y con el informe de la Tesorería de la misma entidad en relación con el cumplimiento del orden de la prelación establecido en el artículo 5.2”, es por lo que esta Alcaldía municipal emite la siguiente propuesta, de conformidad con lo establecido en el artículo 21.1 de la Ley de Bases del Régimen Local ( Ley 7/1985):

#### **1º OBJETO DE LA LÍNEA DE CRÉDITO.**

El art. 4 del RDL 8/2011 pretende “permitir la cancelación de la obligaciones pendientes de pago con empresas y autónomos, derivadas de la adquisición de suministros, realización de obras y prestación de servicios.”

En la propuesta de acuerdo plenario que se hace existe una relación de obligaciones ya reconocidas en presupuesto por lo que el objeto de esta línea de crédito será dotar de liquidez a la entidad local para poder pagar las obligaciones reconocidas.



La línea ICO es de carácter excepcional ya que la falta de liquidez de las entidades locales debe ser financiada normalmente mediante operación de crédito a corto plazo regulada en el artículos 51 TRLRHL.

## 2º.- PRELACIÓN DE PAGOS.

El art. 5.2 del RDL 8/2011 aclara “ A los efectos anteriores, la línea financiera se diseñará de forma que posibilite preferentemente la cancelación de las deudas con los autónomas y las pequeñas y medianas empresas, considerando así mismo la antigüedad de las certificaciones o documentos antes citados”

Hasta este RDL 8/2011, como es sabido, la prelación de créditos de la Tesorería local encontraba su apoyatura jurídica en el artículo del RD 500/1990, de 20 de abril, trasunto del artículo 187 del RDI 2/2002, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales (TRLRHL):

“1. La expedición de órdenes de pago se acomodará al plan de disposición de fondos que se establezca, con la periodicidad y vigencia que en el mismo se determine, por el Presidente de la Entidad o por el órgano competente facultado para ello en el caso de Organismos autónomos dependientes.

“2. El plan de disposición de fondos considerará aquellos factores que faciliten una eficiente y eficaz gestión de la Tesorería de la Entidad y recogerá necesariamente la prioridad de los gastos de personal y de las obligaciones contraídas en ejercicios anteriores”.

Considerando la necesidad de aplicar un criterio objetivo evaluable externamente, se opta por tener en cuenta en la elaboración del listado de obligaciones pendientes de pago a incluir en la solicitud al Instituto de Crédito Oficial, la antigüedad del reconocimiento de las obligaciones y , en el caso , de la misma antigüedad , se toma como referencia la antigüedad de registro de la factura.

Considerando la preferencia de los gastos pendientes de pago de autónomos y pequeñas y medianas empresas, se ha hecho una selección de las obligaciones reconocidas pendientes de pago que correspondan a entregas realizadas al Ayuntamiento antes del 30 de abril de 2011 conforme al artículo 2º del Real Decreto 1515/2007, de 16 de noviembre, por el que se aprueba el Plan General de Contabilidad de pequeñas y medianas empresas.

Abierta a quenda de intervencións, iníciase deliberación, explicando en primeiro lugar o Sr.Alcalde,D. Melchor Roel Rivas, a necesidade de solicitar un crédito ICO de 527.000 euros para pagar facturas sen pagar, aprobadas, por orden cronolóxico, dende o 2007 e antes do 14 de abril de este ano.

Seguidamente intervén o portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular,D. Antonio José Bouza Rodil, quén dí que estas Comisións informativas deben ser convocadas con antelación e non como esta que se fixo pola mañá e non da tempo de ver e estudar debidamente os asuntos da orde do día.Polo que pido que conste en acta que se solicita



a convocatoria das sesión informativas e de estudio coa antelación suficiente e que dí a Lei. Por outra banda, continúa dicindo, o seu partido non está a favor porque isto vai levar ao concello a mais endeudamento posto que supoñerá 60.000 euros de intereses a devolver en tres anos. Está da cordo e o noso Grupo apúntase mais ao que propón o informe da Tesourería de que hai que facer unhas medidas mais estruturadas que pasan pola elaboración dun presuposto real, axustado aos tempos que corren, para saber os gastos que temos e os ingresos, e ademias temos dúbidas, por descoñecer en que se invirten os casi tres millóns de euros de ingresos de imposto de Bens Inmóbiles e do imposto de vehículos. Tamen observamos que hai facturas do ano 2007 e unha pregunta dirixida ao sr. Interventor, ¿ por qué non vai ningunha das facturas sometidas a sentenzas e queremos saber que é o que pasa con esas facturas.? E tamén si poden ser incluídas nesta relación?.

A continuación, intervén a Concelleira de Facenda Dona Covadonga Viamonte Aguiar, para explicar que as facturas que van nas relacións, son facturas aprobadas, sen pagar. Todas teñen que ter partida presupuestaria, e todas levan unha orden cronolóxico e para estar incluídas na Línea ICO, e así resolver os Concellos un problema de liquidez, as facturas incluídas teñen que cumprir unha serie de condicionantes, e teñen que ter unhas condicións as empresas de pequenas ou medianas.

Evidentemente hai unha factura do ano 2007, pero antes había facturas sin aprobar a pagar 544.305 €uros e neste intre e no período 2003 ao 2007 non hai ningunha factura aprobada sen pagar. .

Intervén seguidamente o Tenente de Alcalde, D. Bernardo José Fraga Galdo, Portavoz de seu Grupo municipal do BNG e dí que o seu grupo vai votar a favor de solicitar o crédito ICO para aportar liquidez, nestes tempos de crise, axudar as empresas. Estas operacións de créditos sabemos que vai supoñer un coste para o concello reflexado nos presupostos dos anos 2012, 2013 e 2014, e xa sabemos que teremos que apretar o cinturón nos próximos tempos, pero antes de que calquera empresa do concello teña que reducir persoal ou pechar as súas portas imos a estar a favor de acollernos á Línea ICO.

A continuación intervén D. Guillermo Leal Arias, Concelleiro do Grupo Municipal Independientes de Viveiro, e dí que o seu grupo vai votar a favor da solicitude de crédito ICO, pero que sabe que non deixa de ser necesario contar cun presuposto axeitado á realidade do Concello, mais que nada para saber ata onde podemos chegar. Por outra, banda estas facturas teñen que cumprir unhas condicións xa que é unha línea para determinadas facturas aprobadas e con consignación presupuestaria para que se poida contraer este tipo de créditos, polo que tampouco se fixo discriminación hacia ningún proveedor do Concello, Nos, tamén, estamos de acordo na necesidade da aprobación dun presuposto.

Para rematar, volve a intervír o Sr. Alcalde para contestar ao portavoz do PP, Sr. Bouza Rodil, e comeza a súa intervención dicindo que cando chegou á Alcaldía no ano 2004 había entre facturas e débedas uns doce millóns de Euros de débeda, sen contar coa Gais. Nos, dí o Alcalde, atopamos unha normativa urbanística ineficaz e tivemos que suspender as licenzas, perdendo de ingresar mais de un millón e medio de euros (1,5 millóns de €) para as Arcas municipais.. Tamén digo que no tema xudicial temos pendentes de pago mais de un millón de euros, quitando o de as Gais. Nesas sentenzas



no nos reclaman por deudores senon por falta de recoñecemento das facturas sin aprobar, que estaban sen ningún tipo de proxecto; e logo, os que no nas aprobaron, quenes no nas

aprobaron agora van polos xulgados recoñecendo que estes traballos foron feitos. Aquí e agora estase a falar de facturas con consignación presupuestaria e si non estiveran consignados non se poderían aprobar. Agora seguese un orden cronolóxico por importe de 527.000 €uros de débeda, pero ademais continúa o Sr. Alcalde dicindo , que cos 390.000 euros anteriores de facturas, do que o pago non foi reclmado e, posteriormente publicado no Boletín da Provincia, xa prescribiu; pois, mais o que se aboará aos provedores elimínanse un montante de 917.000 euros de debeda.

Por outra banda, tamén somos conscientes da necesidade de elaborar un presuposto axustado que, xa se estase a confeccionar dendo o mes de maio, pero xa presentamos as contas xerais e os ingresos polo Imposto de Bens Inmóveis e os ingresos polo padrón de vehículos de tracción mecánica; todo iso, non dá para aboar as nóminas; e ademais hai moitos gastos en servizos: en zonas verdes en zonas dotacionais, en parques e xardíns, en obras, mantemento de colexios, a electricidade dos colexos, os conserxes, que correspondería á Consellería de Educación.. Nos outros invertimos en Viveiro con obras da Deputación, mais de 40.000.000 millóns de euros. Polo que me comprometo a dar unha relación a os partidos do que vai invertido en Servizos Sociais, deportes e Cultura que, dende logo, e o mais completo da Comarca e cando traigamos a pleno entrar o conservatorio na asociación de conservatorios de Galicia, estaremos apoiados polo PP.) tampouco nós, vamos a pararnos nos gastos que conleva o mantemento do Conservatorio, xa que non queremos pechalo e temos alumnos dende Ribadeo, Vicedo e Ourense, que chegan a mais de cento cincuenta e un (151) alumnos e este Concello quer continuar ofrecendo a Viveiro este servizo.

#### **Sometido o asunto a votación resulta co seguinte resultado:**

**Votos a favor: 11,** D. Melchor Roel Rivas, D<sup>a</sup> María Loureiro García, D. Isabel Rodríguez López, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D<sup>a</sup> Covadonga Viamonte Aguiar, Carlos Gueimunde Cabaleiro, D. Bernardo Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico D<sup>a</sup> Olaia Casas Chaves, D. Guillermo Leal Arias y D. Jesús Fernández Fernández.

**Votos en contra: 5.** D. César Aja Mariño, D. Jaime De Olano Vela, D<sup>a</sup>. Carmen Gueimunde Vila, D. Celestino Valentín García Paz y D. Antonio José Bouza Rodil.

En consecuencia, o Pleno do Concello acorda:

1. La aprobación de solicitud de autorización por el Instituto de Crédito Oficial de la inclusión en la línea financiera prevista en el artículo 4º del Real Decreto-Ley 8/2011, de las obligaciones reconocidas y pendientes de pago que se acompañan en Anexo de 35 hojas selladas, por una cuantía total de 527.958,23 €.
2. Proponer como entidad financiera, de entre las entidades aceptadas por el ICO para formalizar la operación de crédito ,a la entidad **Banco Bilbao Vizcaya Argentaria** (BBVA).



### **3º.-DACION DE CONTA SOBRE A RESPOSTA DA EMPRESA BEGASA AO ACORDO PLENARIO DO 28 DE XULLO DE 2011**

A Presidencia da conta ao Pleno da Corporación dun escrito de Barras Electricas Galaico-Asturianas,S.A. en contestación ó asunto:"Acordo aprobado polo Pleno Municipal de este Concello de 28 de xullo de 2011, sobre as Compañías Eléctricas e o proceso de liberalización do sector eléctrico, impulsado trala Directiva 2003/54/CE, de 26 de xuño de 2003, que levou a un novo modelo de sistema eléctrico, onde trala entrada en vigor do Real Decreto 485/2009, de 3 de abril, polo que se regula a posta en marcha do suministro de ultimo recurso no sector da enerxía eléctrica, a actividade de suministro a tarifa deixa de formar parte da actividade de distribución e o suministro pasa a ser exercido na súa totalidade e polos comercializadores en libre competencia sendo os consumidores de electricidade quen es elixen libremente o seu comercializador.

Polo tanto, dentro das funcións realizadas por Begasa como empresa distribuidora, entrarían principalmente a operación desenrolo e mantemento da rede de distribución, así como as actividades na súa calidade de encargado da lectura, pero non aquelas relativas á facturación do suministro eléctrico a os clientes do Concello de Viveiro.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda darse por enterado.

### **4º.- DACION DE CONTA SOBRE RESPOSTA AO ACORDO PLENARIO DA CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS EN RELACION COS REQUERIMENTOS DE DÉBEDA AOS ADXUDICATARIOS DAS VIVENDAS SOCIAIS DE COVAS**

A Presidencia da conta ao Pleno do Excmo. Concello de Viveiro, do escrito da Consellería de Medio Ambiente , Territorio e Infraestructuras, da Xunta de Galicia, en relación co acordo do Pleno deste Concello, adoptado en sesión extraordinaria do 28 de xullo pasado, relativo a moción do concelleiro portavoz-representante do partido de independentes de Viveiro, sobre os requirimentos da Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo ( IGVS ) para o pagamento das débedas das vivendas sociais de Covas, lles informamos o seguinte:

"No mes de xuño de 2011 remitíronse, por parte da Dirección Técnica de Xestión do Patrimonio e Fianzas deste organismo, requirimentos de pagos aos adxudicatarios de vivendas de promoción pública con débeda acumulada impagada.

O dito requirimento é previo á iniciación de calquera expediente de resolución de contrato ou execución hipotecaria, tendo como finalidade, precisamente, a de ofrecer aos adxudicatarios a oportunidade de liquidar totalmente a débeda contraída ou asinar compromisos de pagamento fraccionando esta. Nos casos de incumprimento dun compromiso anterior non se acepta, obviamente, outro compromiso, ofrecéndose, non obstante, a regularización do compromiso asinado mediante a actualización dos pagos que deberían de terse afectuado, e de non ser isto posible, ofréceneselles aos adxudicatarios (sempre que non existan outras cargas sobre a vivenda) a posibilidade de cambiar de réxime a aluguer.



Este organismo procederá en breve a facer unha revisión dos requirimentos remitidos e valorará os pagamentos xa efectuados e as alegacións recibidas, procurando acadar unha solución naqueles casos nos que se acredite unha dificultade ou incapacidade para facer fronte aos importes reclamados e iniciará expedientes para a recuperación dos créditos ou das vivendas segundo proceda.

No suposto de que por parte dese Concello se teña constancia dalgunha situación de especial precariedade que deba ser tida en conta por parte deste organismo sería conveniente que o comunicaran ou lle indicaran aos interesados que presenten as correspondentes alegacións..asdo.Director Xeral do IGVS.”

O Pleno Corporativo, por unanimidade, acorda darse por enterada.

**5º.-MOCION DA ALCALDIA SOBRE A SOLICITUDE DE REHABILITACIÓN AO INSTITUTO GALEGO DE VIVIENDA E SOLO DOS INMOBLES NAS RUAS ROSALIA DE CASTRO, 69, MELITON CORTIÑAS,22 E ROSALIA DE CASTRO,22, ESQUINA R/FERNANDEZ VICTORIO.**

Polo Sr.Alcalde preséntase ao Pleno da Corporación Municipal, ao abeiro da lexislación vixente, a seguinte

**MOCION:**

“En relación aos inmobles propiedade do Instituto Galego de Vivenda e Solo, situados no Casco Histórico de Viveiro, cómpre indicar:  
Que Xestúr, en representación do Instituto Galego de Vivenda e Solo, solicitou licenza de obra para a rehabilitación integral de tres inmobles.

<b>Rosalía de Castro nº 65.....</b>	<b>URB 84/2008</b>
<b>Melitón Cortiñas, nº 22.....</b>	<b>URB 85/2009</b>
<b>Rosalía de Castro nº 22/ Fernández Victorio nº 17.....</b>	<b>URB 50/2009</b>

Os dous primeiros inmobles están rematados case na súa totalidade, aínda que non teñen presentado neste concello a licenza de primeira ocupación. Os dous inmobles teñen na súa planta baixa locais que non teñen claro o uso específico, polo que se pretende, por parte deste Concello, solicitar a súa cesión para utilizalos como locais de exposicións ou centros socioculturais...//

(Continúa dicindo o Sr.Alcalde que os baixos serían para utilización do concello para actividades de carácter sociocultural, como por exemplo:, na rúa Rosalía de Castro, establecer unha exposición como a imprenta de Fojo, que esta no peirao, o noutro local establecer un pequeno museo de fabricas de chocolate.....)

...//O inmovible sito na Rúa Rosalía de Castro, nº 22 /Fernández Victorio nº 17, ten a licenza de obra concedida aínda que non se comenzaron a executar as obras de rehabilitación.Por parte deste concello, en numerosas ocasións solicítase tanto a Xestur como ao Instituto Galego de Vivenda e Solo que faga as reparacións oportunas para



evitar que o inmovible se siga deteriorando e que se eliminen elementos que poidan caer á vía pública.

Solicítase licenza de obra para o arranxo destes deterioros, que tamén foi concedida, e na data de hoxe aínda non foron executadas, sendo o persoal municipal quen se encarga destas tarefas.

**Por todo isto, propónse ao Pleno Municipal do Concello de Viveiro a adopción do seguinte acordo:**

**PRIMEIRO:** Solicitar ao Instituto Galego de Vivenda e Solo a cesión dos baixos dos inmovibles sitos en Rosalía de Castro, nº 65 e Melitón Cortiñas, nº 22 para ser utilizados como locais de exposición ou centros socioculturais.

**SEGUNDO:** Solicitar ao Instituto Galego de Vivenda e Solo a execución das obras de reparación para o inmovible sito en Rosalía de Castro nº 22 /Fernánmdez Victorio nº 17, para evitar que siga deteriorándose e eviando a actual situación de perigo, cumpríndose, así mesmo, o compromiso de rehabilitala como vivenda social.

Non producíndose debate, a continuación, procédese á votación e o Pleno Municipal do Concello de Viveiro, por unanimidade de todos os membros da Corporación asistentes e con (16) votos a favor, acorda aprobar a Mocións presentada pola Alcaldía sobre a solicitude de rehabilitación e cesión ao Instituto Galego de Vivenda e Solo dos inmovibles relacionados.

## **6º.- MOCION DA CONCELLEIRA DE FACENDA, MULLER, EDUCACION E INMIGRACION DO CONCELLO, CONTRA A VIOLENCIA DE XENERO**

Por D<sup>a</sup>. Covadonga Viamonte Aguiar, Concelleira de Facenda, Muller, Educación e Inmigración do Concello de Viveiro, en base ó disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta MOCION, en base a seguinte:

### **EXPOSICION DE MOTIVOS**

O PSdeG-PSOE considera que a sociedade española non pode nin debe tolerar este regueiro de vítimas, directas e indirectas, e que cada persoa, cada institución, cada comunidade, grande ou pequena, debe poñer todo o seu esforzo en erradicar a violencia de xénero.

O PSdeG-PSOE deu mostras do seu claro compromiso: A Lei contra a Violencia de Xénero foi a primeira normativa legal aprobada polo Goberno socialista en Decembro de 2004 e dotou a Ministerios, Comunidades Autónomas, Concellos e Asociacións dos recursos necesarios, tanto legais como económicos, para a protección integral das vítimas e dos menores o seu cargo.

Grazas a elo, centos demiles de mulleres puideron ser atendidas, protexidas e salvadas dese cerco de terror e violencia ao que víanse sometidas xunto os seus fillos e fillas, co





propósito de lograr a recuperación da súa dignidade e a súa reincorporación á sociedade en plena liberdade. A Lei puxo todos os recursos do Estado (Corpos e Forzas de seguridade, Xustiza, sanidade, Educación, Asociacións de axuda e apoio, servizos sociais, políticas de emprego e vivenda, etc..) a disposición das vítimas e as súas familias, nunha clara aposta social para terminar co terror.

Sen embargo, os últimos recortes en políticas sociais protagonizados por Gobernos autonómicos e locais do Partido Popular, están afectando negativamente ás mulleres e á igualdade, facendo máis difícil a loita contra a violencia de xénero. A pesar de ser os responsables directos de poñer en marcha a protección ás vítimas e de xestionar as axudas económicas decretadas polo Goberno Central para este fin, nalgúns Comunidades Autónomas e Concellos asistimos a recortes indiscriminados que mostran a falla dun compromiso firme que sitúe a sensibilización e erradicación da violencia de xénero nas prioridades da axenda política.

Non podemos nin debemos consentilo. Non podemos nin debemos permitir que se abandone a súa sorte a centros de miles de mulleres nin os seus familiares que aínda sofren esta violencia criminal. Non imos a deixarnos quitar todo o que, como cidadanía, conseguimos nestes anos.

Polo exposto, esta Alcaldía somete á consideración do Pleno esta MOCION, para que este adopte os seguintes **ACORDOS**:

- 1.- Esixir ao noso Goberno Autonómico e promover a nivel municipal que a aplicación efectiva da Lei Integral contra a Violencia de Xénero sexa unha prioridade na axenda política e no presuposto.
- 2.- Instar ao noso Goberno Autonómico e promover a nivel municipal o seguir promovendo a través dos medios públicos de comunicación, programas específicos de sensibilización da sociedade contra a violencia de xénero a fin de contribuir de maneira decisiva á erradicación desta terrible lacra.
- 3.- Instar ao noso Goberno Autonómico e promover a nivel municipal o cumprimento dos Acordos que, sobre protección de menores expostos a entorno de violencia de xénero foron asumidos polas Comunidades Autónomas na reunión do Sectorial de Igualdade celebrada en Abril de 2010, coa posta definitiva en marcha do sistema de protección especializada de menores e de elaboración do Protocolo de atención aos mesmos.
- 4.- Instar ao noso Goberno Autonómico e promover a nivel municipal o seguir conseguindo unha maior formación especializada e unha maior implicación da Policía Autonómica, ou no seu defecto municipal, na protección das vítimas de violencia de xénero, directa ou indirecta.
- 5.- Instar ao noso Goberno Autonómico e promover a nivel municipal a realizar un estudo socio-criminolóxico sobre violencia de xénero, en colaboración co Goberno Central, a fin de poñer de manifesto a realidade existente sobre esta terrible problemática.-



Sometida a debate, prodúcese as seguintes intervencións

Polo Concelleiro do Partido Popular, D. Jaime de Olano Vela, portavoz do Grupo, comenta que ve unha moción politizada e que é tendenciosa e que hai que suprimir os tres párrafos da exposición de motivos, instar a la administración central, autonómica y promover a nivel local ... vense en manifestar que non está conforme que se poñan as siglas do seu partido (P.P.), senon implicar a todas as Administracións tanto municipais como Administración Central ou Autónoma e engadir a todas as forzas de seguridade do Estado; así entenderíamolo mellor a moción e sería moito máis lóxico implicar a todas as Administracións.

Alcalde, eu propoño que na exposición de motivos non se suprime pero que poderíamos dicir que se impliquen todas as administracións, Central, autonómica e local e antes da votación haino que decidir.

Seguidamente intervén o representante do BNG, D. Bernardo Fraga Galdo, quen dí que o seu Grupo vai a votar a favor e estamos de acordo coa modificación proposta.

A continuación intervén o Concelleiro representante do Partido do IVI, D. Guillermo Leal e dí que está a favor da moción e que vai votar a favor, pois estase a vivir unha lacra social de violencia de xénero que temos que erradicar como sexa.

Para rematar a Concelleira de Facenda, D<sup>a</sup> Covadonga Viamonte Aguiar, indica que a filosofía da moción é clara, vou contestar que dentro do 4 parametro que propoñía o Sr. De Olano, eliminar este, pero vexo que é mellor, deixando sen embargo polos partidos autonómicos e locais e retirando as siglas do PP., xa que os recortes que hai da Comunidade autónoma e tamen da Central, nos están levando a moitas dificultades. e si se acepta este acordo, pois retirárase onde pon as siglas refiríndose ao P.P. e involucrar a todas as administracións públicas.

Sometida a votación queda aprobada por unanimidade dos membros do Pleno corporativo involucrando a todas as administracións públicas

**7º.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO INDEPENDIENTES DE VIVEIRO (IVI), SOBRE A COLOCACION DE VALLAS NA ESTRADA LU-540-AO SEU PASO POLO ALTO DA GAÑIDOIRA.**

Polo Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Independientes de Viveiro (IVI), D. Jesús Fernández Fernández, se proceder a dar lectura á seguinte MOCION. Que copiada integramente dí:

**COLOCACION DE VALLAS NA ESTRADA LU-540 O SEU PASO POLO ALTO DA GAÑIDOIRA**

Todos somos conscientes do perigo que entraña a irrupción de animais (cabalos, vacas, etc) na calzada da estrada LU-540, Viveiro-Cabreiros o seu paso polo alto da



gañidoira, na que nos últimos anos houbo varios accidentes de diversa gravidade, o mais recente o dun veciño de Covas.

Despois da respota do Valedor do Pobo a un viveirense, que tras sufrir un accidente nesa zona, presentara unha queixa avalada por 3.690 firmas, instando o organismo a indagar ante a Consellería de Medio Ambiente de por qué non se fixera o proxecto previsto para esa vía, o Valedor indicalle o arquivo do expediente o non apreciar “actuación irregular” por parte da Xunta.

A Consellería explica, que o vial cando foi mellorado baraxouse a posibilidade de instalar pasos canadienses (Obstáculos para evitar que os animais circulen libremente), “pero desbotouse ante a forte oposición veciñal “, que se sabe que non existiu tal rechazo.

A Xunta precisa que en dita carretera existen 31 sinais entre os puntos kilométricos 38,00 e 39,400, e sete paneis reflectantes de grandes dimensións que advirten sobre a presenza de cabalos soltos e aconsellan moderar a velocidade. Ademais, engade que en Marzo de 2010 colocáronse máis sinais de perigo nun panel complementario instalado no kilómetro 39,400, que advirte do risco, nunha distancia de tres kilómetros. O que non deben de saber os técnicos e que os animais non entenden as sinais de tráfico po moito coidado que teñan os condutores.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorial e Infraestruturas considera “suficiente” á sinalización existente.

Así mesmo na maioría dos casos os propietarios dos animais nunca apareceron, xa que os mesmos non levaban o microchip, que é obrigatorio.

De todos é coñecido tamén que as inclemencias meteorolóxicas na zona, con moita choiva e con moita néboa, sobre todo no tempo de inverno dificulta xa de por si a boa circulación. Ademais que case que non se ven as liñas da carretera.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Municipal do partido Independientes de Viveiro somete á consideración do Pleno da Corporación Municipal a aprobación dos seguintes acordos:

- 1.- Instar á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia o vallado das dúas marxes de carretera LU.-540 entre os concellos de Muras e Ourol, e a colocación de pasos canadienses en donde sea preciso.
- 2.- Dar traslado a tódolos grupos parlamentarios representados na Xunta de Galicia para a súa constancia.-

#### **Aberta a quenda de intervencións, prodúcense as seguintes:**

Intervén o Concelleiro do PP D. Celestino Valentín García Paz, quen ven en indicar que desgraciadamente xa coñecemos o tema e todos nós somos sensibles e máis dunha vez nos atopamos con este inconveniente na estrada polo que o seu Grupo vai aprobar a moción, pero quer matizar que a presenza de animais na estrada é un problema social e económico, tanto a nivel empresarial como dos transportes por estradas, e hai que atopar medidas como: pasos canadienses, ultrasonidos e tamén técnicos para que se estudien as medidas máis adecuadas.



Seguidamente intervén o Voceiro do PSdG-PSOE, D..Melchor Roel Rivas, que dí que solicita incorporación doutras medidas como instar a Xunta de Galicia que cumpra coas obrigas de que os animais deben levar o microchip e que a Xunta vixile deste cumprimento e esixa aos donos dos animais, e dos cabalos, que os teñan nun recinto pechado, por outra banda tamen penso que os pasos canadienses solamente evita que o animal vaian pola estrada.Para rematar dí que a Cnselleria poña os pasos, o microchip e que o dono cumpra e sexa responsabilidad dos propietarios.

Intervén o Concelleiro do BNG e dí que o seu grupo vai votar a favor que espera que a Xunta sexa sensible xa que o seu propio Presidente foi victima, polo que espero que acometa este tipo de obra.

Sometida a votación queda aprobada por unanimidade.

## **8º.-DACION DE CONTA DE RESOLUCIONS DA ALCALDIA**

Os Sres.Concelleiros dispoñen da relación das devanditas resolucións.

## **9º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Polo Sr. Alcalde, dase conta que foi notificado a todos os portavoces que nesta sesión admitiría “Rogos e Preguntas” presentadas por escrito coa antelación precisa.

Seguidamente, o concelleiro Guillermo Leal Arias, portavoz do Grupo Municipal do Partido Independientes de Viveiro (IVI, no Concello de Viveiro, EXPON:

Que ao amparo do disposto no art. 35 da Lei de Procedemento Administrativo Común; no art. 77 da Lei reguladora de Bases de Réxime Local, Lei 7/1985 de 2 de abril, no texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por R.D. 781/86, de 18 de abril e dos artigos 14,15 e 16 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por R.D. 2568/86, de 28 de novembro e demais normativa legal procedente e que resulte aplicable, realiza as seguintes:

### **PREGUNTAS**

1.- No pleno do día 31 de Marzo de 2011 foi aprobada por unanimidade de todos os grupos unha proposta realizada por este portavoz para o cambio da porta do Concello. Por parte da Alcaldía indocouse que habería que facer un proxecto e tamén un presuposto.¿Cómo está este tema?. ¿Fíxose o proxecto co conseguinte presuposto?., ¿Vaise realizar a obra a curto prazo?.

Resposta da Presidencia:

Polo Sr.Alcalde se lle contesta que en parte sí, que se está a facer un proxecto por parte do arquitecto e Técnico municipal e xa hai un boceto e estase a negociar para levar a cabo unha porta corredeira e noutra metade un panel fixo escondidas, cun proesuposto de 7.000 Euros mais ou menos.



2.- Moitos contenedores de diversos lugares do Concello atópanse se tapas, co cal desprenden moi mal olor. Así mesmos moitos deles aínda se atopan sen anclar co conseguinte perigo para viandares e vehículos sobre todo cando hai temporais. ¿Ten constancia deste feitos o equipo de goberno?. ¿Cando se vai proceder a subsanación e anclaxe dos mesmos?.

Resposta da Presidencia:

Polo Sr. Alcalde indícase que os contenedores desprenden malos olores porque o lixo orgánico votase ao contenedor a mediodía e cando xa se lavaron, non poñer a basura en bolsas debidamente pechadas e tiarala nos contenedores fora de horas, hai que pedir a xente mais civismo- Por outra banda xa se están reparando algúns dos contenedores estropeados polos temporais.

3.- No presente ano 2011 foi arranxado un tramo da calle Rúa Grande de Celeiro, concretamente ata o nº 70. ¿Cando está previsto continuar o resto da obra?.

Resposta da Presidencia

Polo Sr. Alcalde se lle contesta que está feito desde o número 70 ,ata o Celeiriño, na espera do derrube do Celeiriño, pero xa hai un convenio coa Diputación provincial e está previsto continuar ata a Igrexa.

4.- Así mesmo e sen sair de Celeiro, en varias ocasións fora solicitada por este portavoz o arranxo da carretera do cementerío (Calvario) sin que a esta data nada se teña feito o respecto. ¿Existe algún proxecto para o arranxo da mesma?.

Resposta da Presidencia

Polo Señor Alcalde se contesta que non, que é unha obra que se está a dar prioridade e se leva negociado coa Deputación cun proxecto feito ata camiño de Outeiro.

5.- Estamos chegando de novo as festas de nadal, e existía un importante reclamo turístico para Viveiro, que nos últimos anos non se puido montar. ¿Ten previsto o equipo de goberno a instalación do belén de Santa María?.

Resposta da Presidencia

Polo Señor Alcalde se lle contesta que este ano non se vai montar o Belén en Santa María, xa que se están a facer obras coa Xunta de Galicia, tanto en Santa María como pola Rúa Vilar Ponte. Pero sí, houbo conversacións coas empresas para que se fixeran cargo do Belén aínda que este ano no vai poder ser.

6.- Dirixíronse a nos ex empregados actuais do Xeriatrico de Viveiro, para queixarse das condicións laborais nas que viñan desenrolando o seu traballo, chegando ó caso de persoas que se encontran a tratamento médico, pola presión a que foron sometidos no seu traballo, ¿Ten constancia o equipo de goberno, das irregularidades que se están a producir no Xeriatrico de Viveiro, en relación coas circunstancias laborais en que veñen



desempeñando as súas labores os traballadores do mesmo, e que afectan tamén os usuarios? ¿Séguese as listas que no seu día se facilitaron a este Concello en canto a contratación?

Resposta da Presidencia

Polo Señor Alcalde se lles contesta que en temas laborais non temos competencias pero sabe que hai conflitos cos temas laborais., pero vamos a solicitar informe das reclamacións presentadas no xerártrico e en canto as listas, o Concello no nas tén e si non se cumpre e porque van facendo e tirando da xente en prácticas. Remata vamos pedir un informe das irregularidades que haxa.

7.- Despois da declaración do concurso deserto do Porto Deportivo de Viveiro ¿Temos boas novas ó respecto, ou seguen os “atracos”.

Resposta da Presidencia

Polo Señor Alcalde se contesta que, boas novas, ningunha, anunciabamos que si se adjudicaba a algunha empresa o conxunto do porto deportivo, a empresas que non cumpren, pois denunciábase o concurso do Porto Deportivo de Viveiro, pero agora está deserto. Non temos novidades ao respecto., pero temos que asistir a reunións polas que fun convocado para proximamente ter unha reunión con Portos.

E non habendomais asuntos de que tratar, polo Sr.Alcalde levántase a sesión, sendo as vinteduas horas do día con que se encabeza esta Acta que asinan os asistentes, do que a Secretaría accidental, da fe.

Vº. e Prace  
**O Alcalde,**

A Secretaria Accidental..